

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

4766 *Real decreto 245/2010, do 5 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, establecendo as disposicións e principios necesarios para garantir o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio realizadas en territorio español por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea, simplificando os procedementos e impulsando a modernización das administracións públicas.

Agora ben, como indica a súa exposición de motivos, para acadar o obxectivo de reformar significativamente o marco regulatorio non chegou co establecemento dos principios xerais que deben rexer a regulación actual e futura das actividades de servizos, senón que se fixo necesario proceder a un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio, para adecuala aos principios que a devandita lei establece. Para tal fin, por medio deste real decreto procédese a realizar as modificacións normativas necesarias no regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, co fin de o acomodar á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Por outra banda, o Plan de redución das cargas administrativas que soportan as empresas e de mellora da regulación, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 20 de xuño de 2008, configúrase como o primeiro paso para identificar e eliminar as cargas administrativas redundantes, desfasadas ou innecesarias e revisar os trámites que poidan ser simplificados ou realizados por medios telemáticos.

Neste contexto, o artigo 12 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modificou o artigo 79 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, para facilitar a inscrición das modificacións de dereitos sobre patentes e os modelos de utilidade rexistrados na Oficina Española de Patentes e Marcas.

O obxectivo desta reforma legal foi permitir que o rexistro das mencionadas modificacións de dereitos e cambios de titularidade, que supón unha condición necesaria para a súa opoñibilidade fronte a terceiros, se realice cun mínimo custo administrativo e documental, e sen mingua da seguridade xurídica, liberando recursos para as empresas nunha área tan sensible como a da transferencia de tecnoloxía patentada e a súa constancia rexistral.

A reforma, encamiñada a lles permitir aos interesados a utilización doutros instrumentos probatorios menos custosos pero suficientemente seguros, instrumentouse mediante unha deslegalización, suprimindo no artigo 79 da referida Lei de patentes a exigencia ineludible de documento público na formalización das transmisións e licenzas, e remitindo ao Regulamento para a execución da lei, aprobado polo Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, a regulación destas cuestións, para facilitar nun futuro posibles modificacións e asegurar a inexistencia de períodos de baleiro legal.

Pois ben, parte do obxecto deste real decreto é precisamente modificar o Regulamento para a execución da Lei de patentes, aprobado polo Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, para o adaptar ás previsións contidas nesta reforma. Deste xeito, as modificacións de dereitos sobre patentes e os modelos de utilidade rexistrados na Oficina Española de

Patentes e Marcas realizaranse seguindo as mesmas pautas actualmente establecidas para as marcas e os deseños industriais na súa normativa vixente.

Neste sentido, a harmonización dos requisitos documentais para a inscrición de cesións, licenzas, dereitos reais, cambios de denominación e outras modificacións de dereitos para todas as modalidades de propiedade industrial é un imperativo de racionalidade. Non ten sentido que, cando a inscrición de transmisións, licenzas ou outras modificacións de dereitos recae sobre patentes e modelos de utilidade, se siga un réxime distinto e máis rigoroso que no caso das demais modalidades de propiedade industrial; e menos aínda cando este réxime é contrario á tendencia antiformalista do dereito comparado comunitario e internacional, xa incorporada, como se afirmou, á lexislación interna en materia de signos distintivos ou deseños industriais, ademais de aos títulos de propiedade industrial europeos ou comunitarios, segundo as normas que os regulan.

En efecto, nin a modificación de dereitos sobre as solicitudes de patentes europeas, nin sobre as marcas ou os deseños, comunitarios ou nacionais, requiren en todos os casos a formalización previa en documento público para a súa inscrición, polo que a presenza deste requisito na Lei de patentes resultaba anacrónica, ademais de innecesaria e onerosa para os interesados. A súa eliminación, polo demais, achegará tamén a nosa regulación neste punto ao Tratado sobre o dereito de patentes, administrado pola Organización Mundial da Propiedade Intelectual e que España asinou, aínda que non ratificou.

Con isto, ademais de reducir a carga administrativa e documental, harmonízanse, como se afirmou, os requisitos de inscrición de modificacións rexistradas para todas as modalidades de propiedade industrial, reforzándose a coherencia da regulación.

Por outra banda, tal como se sinalou anteriormente, a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, impón a simplificación da normativa relativa ao acceso e ao exercicio das actividades de servizos, como é o caso das desenvolvidas polos axentes da propiedade industrial. De igual forma, exíxese que esta actividade sexa transparente, predicible e favorable para a actividade económica, garantíndose o acceso á prestación de servizos en España dos prestadores establecidos noutros Estados membros da Unión Europea, en condicións de igualdade aos establecidos en España.

Os axentes da propiedade industrial son unha figura xa tradicional na prestación de servizos de asesoramento, asistencia e representación a terceiros para a obtención das diversas modalidades da propiedade industrial, así como para a defensa ante a Oficina Española de Patentes e Marcas dos dereitos derivados delas.

É tamén, por tanto, obxecto deste real decreto a actualización do réxime de adquisición da condición e do exercicio da actividade de axente da propiedade industrial, que se realizará en consonancia cos principios incorporados na mencionada Lei 17/2009, do 23 de novembro. En concreto, a modificación máis importante que se introduce no Regulamento de execución da Lei de patentes é a substitución do réxime previo de autorización polo menos gravoso sistema de inicio da actividade tras a presentación dunha declaración responsable.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación contida nas disposicións derradeiras primeira e segunda da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, e ao abeiro da competencia exclusiva que ao Estado lle atribúe o artigo 149.1.9.^a da Constitución en materia de lexislación sobre propiedade industrial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de aprobación da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 5 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

O Regulamento de execución da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, aprobado polo Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O título III queda redactado nos seguintes termos:

«TÍTULO III

Do Rexistro de Patentes e da inscrición das transmisións, licenzas e outras modificacións de dereitos

CAPÍTULO I

Do Rexistro de Patentes

Artigo 49. *Datos inscristibles.*

1. No Rexistro de Patentes a que se refire o artigo 79 da Lei de patentes, que estará aberto á consulta pública, inscribíranse particularmente as seguintes mencións referidas tanto ás solicitudes de patentes como ás patentes concedidas:

- a) O número da solicitude.
- b) A data de presentación da solicitude.
- c) O título da invención.
- d) O símbolo da clasificación asignado.
- e) O nome e domicilio do solicitante ou do titular da patente.
- f) O nome do inventor designado polo solicitante ou polo titular da patente, sempre que o inventor non renunciase a ser designado como tal.
- g) O nome e domicilio profesional do mandatario do solicitante ou do titular da patente.
- h) As indicacións relativas á prioridade (data, estado e número de depósito da solicitude anterior).
- i) En caso de división da solicitude de patente, os números das solicitudes divisionais.
- j) A data de publicación da solicitude e, de ser o caso, a data de publicación do informe sobre o estado da técnica.
- k) A data en que a solicitude de patente fose concedida, denegada, retirada ou se considere retirada.
- l) A data de publicación da mención de concesión da patente.
- m) A data de caducidade da patente.
- n) A constitución de dereitos sobre a solicitude de patente ou sobre a patente e a transmisión destes dereitos efectuada de acordo co previsto neste regulamento.
- ñ) De ser o caso, a data do certificado de explotación da patente.
- o) Os pagamentos realizados.
- p) Os datos correspondentes aos certificados complementarios de protección solicitados.

2. No Rexistro de Patentes, constituíndo unha sección anexa a el, tamén se inscribírán, de xeito análogo ao sinalado neste capítulo, os datos relativos ás solicitudes de modelos de utilidade e aos modelos de utilidade concedidos.

3. As inscricións no Rexistro de Patentes realizaranse en calquera tipo de soporte capaz de recoller e expresar de modo indubidable, con absoluta garantía xurídica,

seguridade de conservación e facilidade de acceso e comprensión, todos os datos inscribibles previstos pola Lei de patentes e este regulamento.

Artigo 50. *Outros datos inscribibles.*

1. As decisións xudiciais relativas á solicitude de patente ou á patente serán inscritas logo de comunicación de tribunal competente ou por instancia de parte interesada.
2. Mediante resolución motivada, o director da Oficina Española de Patentes e Marcas poderá dispor a inscrición no Rexistro de Patentes doutras mencións non previstas no artigo anterior.

Artigo 51. *Réxime das mencións inscritas ata a publicación da solicitude.*

Sen prexuízo do previsto na Lei de patentes, os datos inscritos no Rexistro de Patentes non serán accesibles ao público antes de que a solicitude de patente fose publicada segundo o previsto no artigo 26.2 deste regulamento.

Artigo 52. *Consulta pública de expedientes.*

Da consulta pública prevista no artigo 44.4 da Lei de patentes serán excluídos os documentos seguintes:

- a) Os proxectos de acordos e de informes, así como calquera documento destinado á preparación de acordos e informes, que non fosen comunicados ás partes.
- b) As comunicacións entre órganos da Administración de idéntica consecuencia.
- c) A documentación concernente á designación do inventor, se este renunciou ao seu dereito persoal de mención na patente.
- d) Calquera outro documento que non responda aos fins de información pública sobre unha solicitude de patentes ou sobre concesión de patente.

CAPÍTULO II

Da inscrición das transmisións, licenzas e outras modificacións de dereitos

Artigo 53. *Contido da solicitude de inscrición de transmisións.*

1. A petición para inscribir a transferencia dunha patente ou da súa solicitude deberase presentar mediante instancia, nos impresos normalizados que estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas, e deberá incluír:

- a) O nome e enderezo do solicitante ou titular do dereito que se transmite.
- b) O nome e enderezo do novo titular, conforme o disposto no artigo 4.1.b) deste regulamento.
- c) Cando o solicitante da inscrición actúe por medio de representante, nome e enderezo deste, conforme o previsto no artigo 4.2.a) deste regulamento.
- d) Indicación do documento ou acto acreditativo da transmisión.
- e) Número do rexistro ou da solicitude que se transmite.
- f) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

2. A solicitude de inscrición deberase presentar acompañada do xustificante de aboamento da taxa correspondente e, se a transmisión da titularidade resulta dun contrato, dalgún dos documentos seguintes:

- a) Copia auténtica do contrato ou ben copia simple deste con lexitimación de sinaturas efectuada por notario ou por outra autoridade pública competente.
- b) Extracto do contrato no que conste por testemuño notarial ou doutra autoridade pública competente que o extracto é conforme co contrato orixinal.

c) Certificado ou documento de transferencia asinado tanto polo titular como polo novo propietario, consistentes nos impresos normalizados que para tal efecto estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. Se o cambio na titularidade se produce por unha fusión, reorganización ou división dunha persoa xurídica, por imperativo da lei, por resolución administrativa ou por decisión xudicial, a solicitude de inscrición deberá ir acompañada de testemuño emanado da autoridade pública que emita o documento, ou ben copia do documento que probe o cambio, autenticada ou lexitimada por notario ou por outra autoridade pública competente. Non obstante, para a inscrición de embargos e demais medidas xudiciais abondará o oportuno mandamento emitido para o efecto polo tribunal que as ditase.

4. A solicitude de inscrición de transmisión poderá comprender varios rexistros e solicitudes de patente, a condición de que o titular rexistral actual e o novo titular sexan os mesmos para cada un dos rexistros ou solicitudes afectadas.

Artigo 54. *Contido da solicitude de inscrición de licenzas.*

1. A petición de inscrición dunha licenza de patente ou da súa solicitude presentárase mediante instancia, nos impresos normalizados que estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas.

2. A solicitude deberá incluír as mencións contidas no artigo 53.1 deste regulamento e presentarse acompañada do xustificante de aboamento da taxa correspondente e dalgún dos documentos considerados nos números 2 e 3 do devandito artigo, referidos ao contrato de licenza e ao outorgante e ao titular da licenza.

3. Cando o documento acreditativo da licenza sexa algún dos previstos no artigo 53.2.c) do regulamento, os ditos documentos consistirán nos impresos normalizados que para tal efecto estableza a Oficina Española de Patentes e Marcas.

4. Na solicitude de inscrición da licenza deberase indicar se é exclusiva ou non, así como as eventuais limitacións do contrato en canto ao seu obxecto, duración, modalidade de explotación, ámbito territorial ou aplicacións. Tamén se indicará se o titular da licenza pode cedela ou conceder sublicenzas. No caso de que na solicitude de inscrición non se indique algún dos datos mencionados, a licenza inscribírase conforme as presuncións legais establecidas no artigo 75 da Lei de patentes.

5. A petición de inscrición da licenza poderá comprender varios rexistros ou solicitudes a condición de que o licenciante e o licenciario sexan os mesmos para cada un dos rexistros ou solicitudes afectados.

Artigo 55. *Inscrición doutros dereitos.*

1. A solicitude de inscrición doutros actos ou dereitos inscribíbles considerados nos artigos 74.1 e 79.2 da Lei de patentes, salvo a hipoteca inmobiliaria, que se rexerá polas súas disposicións específicas, axustárase aos requisitos e condicións previstas no artigo 53 deste regulamento debidamente adecuados á natureza do acto ou dereito a inscribir. A solicitude de inscrición de opcións de compra ou constitución de dereitos reais deberá, ademais, ir acompañada de documento público, conforme o previsto nas alíneas a) ou b) do artigo 53.2 deste regulamento.

2. No suposto de inscrición de embargos ou outras medidas de execución forzosa, ou cando a patente estea afectada por un procedemento de concurso ou similar, a solicitude de inscrición no Rexistro de Patentes, presentada pola autoridade competente, non estará suxeita ao pagamento de taxas.

Artigo 56. *Procedemento de inscrición.*

1. A inscrición dos actos e negocios xurídicos considerados neste capítulo poderá ser solicitada por calquera das partes. O órgano competente numerará e dataará, e expedirá o correspondente recibo acreditativo da presentación, que poderá consistir nunha copia da

solicitud presentada, na que se fará constar o número, lugar, data e hora de presentación.

2. Recibida a solicitud, o órgano competente examinará se a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nos artigos 53, 54 ou 55 do regulamento. A Oficina Española de Patentes e Marcas examinará a legalidade, validez e eficacia dos actos cuxa inscrición se solicita. Se do exame efectuado resultar algunha irregularidade ou defecto, suspenderase a tramitación, notificando as obxeccións observadas ao solicitante para que no prazo dun mes, contado desde a publicación do suspenso no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial», as emende ou presente as súas alegacións. Transcorrido este prazo, resolverase a solicitud de inscrición.

3. Cando o órgano competente poida dubidar razoablemente da veracidade de calquera indicación contida na solicitud de inscrición ou nos documentos que a acompañen, poderalle exixir ao solicitante a achega de probas que acrediten a veracidade de tales indicacións.

4. A Oficina Española de Patentes e Marcas non inscribirá transmisións a favor de persoas físicas ou xurídicas que, conforme o disposto no artigo 2 da Lei de patentes, non poidan ser titulares delas.

5. A Oficina Española de Patentes e Marcas resolverá no prazo máximo de seis meses concedendo ou denegando, total ou parcialmente, a solicitud de inscrición. No caso de denegación indicaranse os seus motivos. A resolución ditada publicarase no «Boletín Oficial de la Propiedad Industrial». Transcorrido o prazo máximo para resolver sen emitirse resolución expresa, a solicitud entenderase concedida.

Artigo 57. *Cancelación e modificación da inscrición de licenzas e doutros dereitos.*

1. A inscrición de licenzas e dos actos e dereitos a que se refire o artigo 55 deste regulamento cancelaranse por petición dunha das partes.

2. A solicitud de cancelación conterà as seguintes indicacións:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Número do expediente baixo o cal se inscribiu o dereito que se pretende cancelar.
- c) Número da solicitud ou rexistro afectado polo dereito que se debe cancelar.
- d) Indicación do dereito cuxa cancelación se solicita.
- e) Sinatura do solicitante ou do seu representante.

3. A solicitud de cancelación deberase presentar acompañada dos seguintes documentos:

- a) Documento público acreditativo da extinción do dereito ou declaración asinada polo licenciario ou titular do dereito pola que se consente a cancelación da inscrición.
- b) Xustificante de aboamento da taxa correspondente.

4. A solicitud de cancelación presentarase e tramitarase conforme o previsto no artigo 56 deste regulamento.

5. Os números anteriores serán de aplicación, coas modificacións que procedan en atención á súa distinta natureza, ás solicitudes de modificación das inscricións dos actos e dereitos a que se refire o número 1. Toda solicitud de modificación da inscrición dun destes actos ou dereitos deberase acompañar do documento público acreditativo da devandita modificación ou da declaración asinada polo licenciario ou titular do dereito de que se trate pola que se consente esta.

Artigo 58. *Cambios de nome ou enderezo do interesado ou do representante.*

1. Cando non haxa cambio na persoa do solicitante ou titular da patente pero si no seu nome ou enderezo, inscribírase o devandito cambio no Rexistro de Patentes por solicitud do interesado.

2. As solicitudes de cambio de nome ou enderezo deberán incluír:

- a) O número da solicitude ou rexistro afectados.
- b) O nome e enderezo do solicitante ou titular da patente, tal como figuren no Rexistro de Patentes.
- c) A indicación do novo nome ou enderezo do solicitante ou titular da patente, tal como se deba inscribir no Rexistro de Patentes tras o cambio producido.
- d) Se se designou representante, o nome e enderezo deste, conforme o previsto no artigo 4.2.a deste regulamento.
- e) A sinatura do interesado ou do seu representante.
- f) O xustificante de pagamento da taxa correspondente, cando proceda.

3. Poderanse agrupar nunha única solicitude de cambio de nome ou enderezo todos os rexistros ou solicitudes que pertencen ao interesado. Neste caso, deberánse indicar os números de todas as solicitudes ou rexistros afectados, aboándose a taxa correspondente por cada un deles.

4. Cando o órgano competente dubide, razoablemente, da veracidade do cambio de nome ou enderezo solicitados, poderalle pedir ao interesado a presentación das probas que acrediten o dito cambio.

5. Os números anteriores serán de aplicación ao cambio de nome ou enderezo do representante.

6. De a solicitude de cambio de nome ou domicilio non cumprir os requisitos previstos neste artigo, notificaránselle ao solicitante as irregularidades ou os reparos observados e, de non se emendaren no prazo de dez días, a solicitude será denegada.

7. O disposto nos números anteriores será aplicable, conforme a súa propia natureza, aos cambios de nacionalidade do solicitante ou titular do dereito ou do Estado en que teña o seu domicilio, sede ou establecemento.

8. O prazo máximo para resolver pola OEPM e os efectos do silencio serán os previstos no número 5 do artigo 56 deste real decreto.»

Dous. O título IV queda redactado nos seguintes termos:

«TÍTULO IV

Dos axentes e mandatarios

Artigo 59. Inicio da actividade.

1. Para iniciar o exercicio da actividade de axente da propiedade industrial, será necesario presentar previamente ante a Oficina Española de Patentes e Marcas unha declaración responsable, segundo modelo que se achega como anexo a este regulamento, na cal os interesados manifesten, baixo a súa responsabilidade, que cumpren todos os requisitos establecidos no artigo 157 da Lei de patentes, que dispoñen da documentación que así o acredita e que se comprometen a manter o seu cumprimento mentres non se produza a súa baixa na actividade, por calquera das circunstancias previstas no artigo 158 da Lei de patentes.

2. A declaración responsable habilita para o exercicio da actividade, desde a súa presentación, en todo o territorio nacional e por un período indefinido. Unha vez recibida a declaración responsable, a Oficina Española de Patentes e Marcas procederá de oficio á inscrición do axente da propiedade industrial no Rexistro Especial de axentes da propiedade industrial. Se a declaración responsable carecer dalgún dos datos de carácter non esencial establecidos no modelo que se achega como anexo a este regulamento, a Oficina Española de Patentes e Marcas requirirá o interesado para que, nun prazo de dez días, a complete, con indicación de que, de non o facer así, se considerará non presentada a declaración responsable.

3. Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas cando esta así o requira.

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa vixente, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro da Unión Europea, dos que se desprendan que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 60. *Proba de aptitude.*

1. Para a realización do exame de aptitude a que se refire o artigo 157.4 da Lei de patentes, o director da Oficina Española de Patentes e Marcas efectuará as correspondentes convocatorias públicas anualmente; este prazo poderase aumentar como máximo a dous anos, por causas debidamente xustificadas.

2. As bases das convocatorias regularán o procedemento de acceso ás probas e o da súa realización e cualificación, de conformidade coas seguintes directrices:

a) O exame de aptitude terá por finalidade valorar se o aspirante posúe os coñecementos necesarios para desempeñar a actividade profesional definida no artigo 156 da Lei de patentes, en particular se o aspirante posúe un coñecemento suficientemente amplo das normas nacionais e internacionais que regulan e afectan a propiedade industrial e se está familiarizado co manexo de tal coñecemento, para o aplicar nas condicións que se formulan habitualmente a un axente da propiedade industrial durante o exercicio da súa profesión.

b) O exame constará de probas teóricas e prácticas, e realizarase sobre a base do programa, que se fará público xunto coa convocatoria.

3. O tribunal cualificador será designado na convocatoria e estará composto por un número impar de membros, non inferior a cinco, e designaranse tamén os membros suplentes. Os membros do tribunal serán designados entre especialistas en materia de propiedade industrial que teñan unha titulación igual ou superior á exixida no artigo 157.3 da Lei de patentes. Ao tribunal corresponderalle o desenvolvemento e a cualificación das probas selectivas de conformidade coas bases da convocatoria. A acreditación de ter superados estudos do terceiro ciclo universitario en materia de propiedade industrial, cunha duración superior a cincocentas horas no seu conxunto, incrementará a cualificación obtida nas probas teóricas do exame de aptitude nun vinte e cinco por cento da puntuación máxima posible asignada ás probas teóricas na correspondente convocatoria.

4. Os aspirantes que non superen o exame de aptitude nunha convocatoria poderán participar en convocatorias posteriores.

5. O tribunal cualificador elevaralle ao director da Oficina Española de Patentes e Marcas a relación dos aspirantes que superasen o exame de aptitude. O director da Oficina Española de Patentes e Marcas dará adecuada publicidade á lista de aspirantes aprobados e expedirá os correspondentes certificados de aptitude, acreditativos do requisito establecido no artigo 157.4 da Lei de patentes.

Artigo 61. *Fianza.*

1. A fianza que deberán constituír os axentes da propiedade industrial garantirá as responsabilidades en que poidan incorrer fronte á Oficina Española de Patentes e Marcas no exercicio da súa profesión. A contía da dita fianza será de 861,25 euros.

2. As responsabilidades pecuniarias en que incorran os axentes ou os seus dependentes faranse efectivas con cargo á fianza constituída, mediante resolución motivada do director da Oficina Española de Patentes e Marcas.

3. En caso de baixa do axente no rexistro, por calquera das causas previstas no artigo 158 da Lei de patentes, procederase, por petición do interesado, ou os seus habentes dereito, á cancelación da fianza, con suxeición ao establecido na lexislación sobre contratación do sector público para a devolución e cancelación de garantías.

Artigo 62. *Seguro de responsabilidade civil.*

1. O seguro de responsabilidade civil a que se refire o artigo 157, número 5, da Lei de patentes, responderá dos danos e perdas causados polos axentes da propiedade industrial no exercicio da súa profesión cun importe mínimo de 43.062,52 euros. O devandito seguro, aval ou garantía equivalente poderá ser concertado mediante póliza colectiva sempre e cando a cobertura da responsabilidade civil de todos e cada un dos axentes incluídos na póliza alcance o mínimo sinalado anteriormente.

2. Cando o axente da propiedade industrial que se estableza en España xa estea cuberto por un seguro de responsabilidade civil profesional equivalente en canto á súa finalidade e importe noutro Estado membro da Unión Europea no que estea establecido, considerarase cumprido o requisito a que fai referencia o número anterior. Se o seguro concertado unicamente cumpre os requisitos mencionados de modo parcial, deberase ampliar ata completar as condicións exixidas.

3. No caso de seguros contratados con entidades aseguradoras autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para os efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.

Artigo 63. *Actualización de contías da fianza e o seguro de responsabilidade civil.*

As contías da fianza e do seguro de responsabilidade civil mencionadas, respectivamente, nos artigos 60 e 61 deste regulamento, actualizaranse de acordo co índice do custo da vida, por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio. Unha vez publicada a actualización correspondente, os axentes da propiedade industrial inscritos disporán dun prazo de tres meses para cumprir coa dita actualización.

Artigo 64. *Autorización do representado.*

Para acreditar a representación pola que actúan, os axentes deberán xuntar autorización subscrita polo interesado, que quedará unida ao expediente. Esta autorización deberase presentar no prazo máximo dun mes, contado desde a data de presentación na Oficina Española de Patentes e Marcas do escrito a que se refira, salvo no suposto das solicitudes de patentes e modelos de utilidade, en que a omisión da representación se entenderá como defecto formal e, en consecuencia, se poderá presentar no prazo sinalado nos artigos 18.1 e 42.3, respectivamente, deste regulamento.

Artigo 65. *Empregados e auxiliares de axentes.*

1. Na súa actuación ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, os axentes poderanse valer de empregados ou auxiliares que, baixo a súa dirección, vixilancia e responsabilidade, realicen as operacións materiais propias da súa xestión, tales como pagamento de taxas, presentación de documentos, comparecencia para recollida de comunicacións oficiais, retirada de títulos ou outras análogas, para o cal presentarán a correspondente carta-autorización.

2. Para ser empregado ou auxiliar dun axente, requirirase ter acadado a maioría de idade e non estar incurso nas incompatibilidades establecidas para estes.

Artigo 66. *Delegación da representación.*

1. Os axentes da propiedade industrial poderán delegar a súa representación noutro axente da propiedade industrial, pero neste caso o axente actuante deberá usar sempre a antesinatura: «Polo axente da propiedade industrial don.....», facendo constar o número de inscrición no rexistro de ambos os dous.

2. Nos expedientes en que interveña un substituto, de acordo co establecido no número anterior, quedará afectada a súa responsabilidade xuntamente coa do axente substituído.

3. Os axentes non poderán intervir por delegación naqueles expedientes en que sexan parte, levando outra representación cuxos intereses sexan distintos. Cando isto ocorra, declararase en suspenso o curso do expediente e notificaráselle directamente ao representado, concedéndolle un prazo de quince días para comparecer ou, de ser o caso, nomear outro axente que o represente.

Artigo 67. *Forma de exercicio da actividade.*

1. Os axentes poderán exercer a súa actividade tanto individualmente como baixo calquera forma societaria admitida en dereito, con suxeición ás leis que lles sexan de aplicación en función da súa forma xurídica.

2. Nas súas relacións coa Oficina Española de Patentes e Marcas, os axentes deberán utilizar o seu nome propio, seguido da indicación da súa condición de axente e, de ser o caso, da razón social da sociedade baixo a cal actúen, así como o domicilio social correspondente.

Artigo 68. *Formación continua dos axentes.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, por proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, convocará periodicamente cursos en materia de propiedade industrial, co fin de facilitar a formación continua de axentes da propiedade industrial. O ministerio outorgaralles aos axentes que asistan aos mencionados cursos ou que, de ser o caso, superen as probas de que consten, un diploma acreditativo.

Artigo 69. *Obrigas de información dos axentes.*

As persoas inscritas no Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial deberán cumprir coa obriga de informar os destinatarios dos seus servizos, nos termos establecidos polo artigo 22 da Lei 17/2009, do 23 de novembro.

Artigo 70. *Liberdade comunitaria de prestación de servizos.*

Os profesionais establecidos noutro Estado membro que presten os seus servizos en España deberán cumprir co disposto no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado, e a normativa que o desenvolve, debendo presentar unha declaración previa segundo o modelo previsto no anexo XI dese real decreto.»

Tres. Suprímense os artigos 71 a 75, e os artigos 76 a 82 quedan reenumerados na forma que segue:

- a) O artigo 76 pasa a ser o artigo 71.
- b) O artigo 77 pasa a ser o artigo 72.
- c) O artigo 78 pasa a ser o artigo 73.
- d) O artigo 79 pasa a ser o artigo 74.
- e) O artigo 80 pasa a ser o artigo 75.
- f) O artigo 81 pasa a ser o artigo 76.
- g) O artigo 82 pasa a ser o artigo 77.

Catro. A alínea a) da disposición derradeira segunda queda redactada como segue:

«a) Rexistrarán a información en soportes materiais das características expostas no artigo 49.3».

Cinco. Insírese un novo anexo no regulamento de execución co seguinte contido:

«ANEXO

Documento de declaración responsable

D./D.^a....., con NIF (1)....., declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente, que dispoño da documentación que así o acredita, e que facilitarei en caso dun requirimento posterior. Así mesmo, comprométome a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade e a comunicar calquera variación nos datos aquí declarados.

Nacionalidade:.....

Domicilio social:.....

Rúa e n.º:..... Poboación:.....

C. postal:.....

Teléfono:..... Fax:..... E.mail:.....

Data da publicación da superación da proba de aptitude:.....

Referencia do ingreso da taxa de inscrición (artigo 157.6 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes):.....

Constituíñ póliza de seguro e fianza (artigo 157.5 de Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes).

Así mesmo, declaro non estar procesado nin condenado por delito doloso, agás se tivese obtido a rehabilitación (artigo 157.2 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes) e non estar incurso nas causas de incompatibilidades previstas no artigo 159 da mesma lei.

En....., o.....

Asdo.:

(1) Ou documento equivalente para nacionais doutros Estados membros.»

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable aos procedementos.*

As disposicións deste real decreto aplicaranse aos procedementos de modificacións rexistradas iniciados e non concluídos antes da data da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que, en materia de lexislación sobre propiedade industrial, lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.9.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN